



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Seminario: Como impulsar unha asociación europea para mellorar o uso dos fondos da UE

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	18
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Seminario de tres días que ofrece unha visión completa de todos os instrumentos financeiros existentes e accesibles para países, rexións, provincias e municipios no marco da cooperación territorial durante o período de programación 2007-2013. As rexións e as cidades son actores esenciais á hora de programar e implementar a Política de Cohesión da UE, no que respecta á promoción do crecemento rexional e local, a creación de emprego e as medidas relativas ao mantemento, e tamén en canto ao proceso de creación e implementación de proxectos conxuntos cofinanciados pola UE en diversas áreas do desenvolvemento rexional. A Comisión Europea insta a rexións e cidades de distintos Estados membros a que traballen xuntos e aprendan uns doutros a través de programas conxuntos, proxectos e redes. Este seminario centrarase nas seguintes áreas:

Obxectivo 3 da Política de Cohesión para o período de programación 2007-2013 - Cooperación territorial europea (antigo IC INTERREG), que abrangue tres tipos de programas cofinanciados polo FEDER:

- 52 programas de cooperación transfronteiriza ao longo das fronteiras internas de la UE;
- 13 programas de cooperación transnacional que abranguen áreas de cooperación máis amplas, por exemplo o mar Báltico e as rexións alpina e mediterránea;
- programa de cooperación interrexional (INTERREG IVC) e 3 programas de redes (Urbact II, Interact II e ESPON) que abranguen rexións dos 27 Estados membros de la UE.

La Agrupación europea de cooperación territorial (AECT) é un instrumento xurídico novo introducido polo Regulamento 1082/2006, deseñado para facilitar e promover a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional, que reflicte o desenvolvemento continuo de solucións de goberno e organización no ámbito da cooperación territorial.

As AECT créanse principalmente para xestionar ou implementar programas e proxectos financiados con fondos estruturais, desenvolver outras formas de cooperación territorial sen fondos de la UE ou desempeñar accións relacionadas coas políticas comunitarias -distintas á política estrutural- na área da cooperación territorial.

O Instrumento Europeo de Veciñanza e Asociación (IEVA) substitúe -dende xaneiro de 2007- os programas xeográficos e temáticos existentes actualmente nos países socios. Dende 2007, o IEVA outorga axudas para proxectos de desenvolvemento local que teñan como obxectivo o desenvolvemento sostible e o achegamento ás políticas e normas de la UE en países que sexan veciños inmediatos de la UE ampliada, implicando a ambos os dous, tanto aos Estados membros coma aos países socios.

O obxectivo do IEVA está dirixido cara ao desenvolvemento sostible e o achegamento ás políticas e normas de la UE nos países veciños. O seu punto de partida son as áreas clave acordadas nos plans de acción (plans de acción específicos para o desenvolvemento) que son os piares básicos de a de Vecindad (PEV). Os fondos asígnanse a programas nacionais individuais segundo as súas necesidades e a implementación das reformas acordadas.

O Instrumento de Axuda Preadhesión (IPA) é un instrumento de ica de preadhesión de la UE que ofrece axuda aos países candidatos e candidatos potenciais á adhesión a la Unión Europea. O obxectivo do IPA consiste en preparar a

estes países para converterse en membros de pleno dereito de la UE e inclúe preparativos para unha eficaz programación e implementación das políticas europeas e a absorción de fondos europeos. Agora ben, o compoñente máis importante no contexto do seminario é o compoñente de cooperación transfronteiriza do IPA.

Ao finalizar o seminario, os participantes terán adquirido un profundo coñecemento sobre todos os instrumentos financeiros e xurídicos dispoñibles para a cooperación territorial, sobre as normas aplicables aos programas e proxectos conxuntos e sobre a forma de utilizar as mellores prácticas para evitar erros.

O seminario tamén pretende construír unha auténtica rede de cooperación territorial entre os participantes e as institucións con vistas a futuros proxectos conxuntos e ao intercambio de experiencias prácticas.

DESTINATARIOS

Cada Consellería designara entre 3 ou 4 persoas cuxo posto de traballo estea relacionado co contido do Seminario para a asistencia ó mesmo.

PROGRAMA

Luns 10 de Maio de 2010

Cooperación territorial e asociación:

Obxectivos, instrumentos e división xeográfica. Solución xurídica de cooperación.

09.30 Inauguración do seminario: introdución ao programa, obxectivos e metodoloxía

Pablo FIGUEROA DORREGO, Javier SÁNCHEZ CANO e Iwona KARWOT

09.50 Presentación dos participantes para facilitar unha rede de contactos

10.10 O papel de EIPA-CER na cooperación territorial.

A cooperación territorial no marco da acción exterior das rexións en Europa.

Javier SÁNCHEZ CANO

11.00 Introdución á política de cooperación territorial de la UE no período de programación 2007-2013: obxectivos e instrumentos

Iwona KARWOT

12.00 Pausa café

12.20 Avaliación e desenvolvemento de proxectos de cooperación territorial a teor da estratexia de Lisboa sobre crecemento e emprego: modelos, indicadores e boas prácticas

Alexander HEICHLINGER

13.50 Debate

14.00 Descanso

15.30 Estado actual de todos os programas de Cooperación Transfronteiriza do IEVA.

Javier SÁNCHEZ CANO

16.00 A experiencia Interreg - como instrumento de desenvolvemento rexional.

Casos prácticos.

José Luís LOURO VERMELLO

17.30 Debate

18.00 Fin da primeira xornada

Martes 11 de Maio de 2010

Cooperación territorial e asociación:

Experiencias de municipios, rexións e países.

09.30 Introdución da segunda xornada

Iwona KARWOT

09.45 Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT): situación actual e perspectivas en Europa.

Estudo de caso: la AECT en España.

Graza VARA ARRIBAS

11.15 Pausa café

11.45 Galicia -Norte de Portugal (GNP, AECT)

José Manuel BRANCO GONZÁLEZ

13.00 Debate

13.15 Aplicación práctica de diferentes fases dun proxecto Interreg.

José Luís LOURO VERMELLO

14.00 Descanso.

15.30 Desenvolvemento urbano no marco de FEDER: Programa URBACT e INICIATIVA URBANA.
Casos prácticos.
José Luís LOURO VERMELLO
17.45 Debate
18.05 Fin da segunda xornada

Mércores 12 de Maio de 2010

09.30 Introducción da terceira xornada
Iwona KARWOT

09.45 Como desenvolver redes con éxito no marco de diferentes programas europeos?

Pedro MARÍN COTS

11.15 Pausa café

11.45 Panel de expertos final:

I: Elementos clave para o desenvolvemento de asociacións de éxito na cooperación territorial.

II: Factores para o éxito da programación, xestión e implementación dos programas de cooperación territorial para unha maior absorción dos fondos da UE

Belén MENDOZA, José Luís LOURO VERMELLO, Pedro MARÍN COTS

13.45 Clausura

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Non hai. Seleccionados por cada Consellería.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 10/05/2010 a 12/05/2010

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE